EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DE APOIO

1.- Contesta o máis brevemente as seguintes cuestións

1. Define o que é unha cidade aplicando criterios cuantitativos e cualitativos.
2. Que diferencias existen entre os núcleos rurais e urbanos?
3. Cales son as características principais da cidade medieval tanto cristiá como musulmana?
4. Que entendemos por morfoloxía urbana? Que elementos configuran a morfoloxía?
5. Explica a relación que existe entre os termos urbanización, industrialización e movementos migratorios.
6. Sinala os motivos polos que a poboación e as actividades económicas dunha cidade vanse difundindo cara a periferia.
7. Que entendemos por estrutura urbana?
8. Cando aparecen os ensanches? Que diferencia teñen no plano con respecto ao do casco históricos? Que características morfolóxicas e estruturais teñen?
9. Cando nacen os barrios xardín? Que finalidade tiñan? De onde procede a idea? Que grupos sociais viven e que funcións desempeñan na actualidade?
10. Cando e por que xorden os polígonos residenciais?
11. Que entendemos por cidade difusa?
12. Cales son os problemas máis importantes que ten unha cidade?
13. Que é o Plan Xeral de Ordenación Municipal? Que características ten?
14. Que diferencias hai entre conurbación, rexión urbana e megalópole.
15. Explica brevemente como está organizado o sistema urbano español.
16. Explica a organización do sistema urbano galego, o número de habitantes que ten as principais cidades e en que funcións están especializadas.

2.- Completa o seguinte cadro.

CIDADE	CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS
Romana	
Medieval Cristiá	
Medieval musulmana	
s. XVI-XVII	
s. XVIII	
s. XIX	
s.XX-XXI	

3.-Despois de ler as definicións propostas tenta buscar o termo definido

Denomínase _____ a aglomeración urbana descontinua, integrada por cidades dispersas (nebulosa urbana), pero suficientemente densa como para que todo o territorio posúa características urbanas.

Territorio organizado nalgún aspecto funcional por unha cidade denominada área central ou núcleo rector denomínase _____

Espacio limítrofe a un núcleo urbano con predominio de caracteres rurais alternando con zonas residenciais urbanas é unha área _____

Unión ou fusión de dous núcleos urbanos que teñen aproximadamente o mesmo tamaño por crecemento simétrico de ambos _____

Área urbana especializada en funcións financeiras e de xestión denomínase _____

Espazo urbano de uso residencial que practicamente carece de comercio e outros servizos. Localízase na área periférica das cidades centrais ou metrópoles. Realízanse importantes **movementos pendulares** diarios dende esta área de residencia ao traballo, as áreas comerciais, de servizos, de lecer... chámase _____

Área ou barrio urbano residencial de baixa densidade, con vivendas unifamiliares exentas ou acaroadas. Constan de abundante zona verde de uso privado denomínase _____

Aglomeración urbana de extensión suprarrexional constituída por diversos elementos urbanos (áreas metropolitanas, conurbacións, rexións urbanas, pequenas cidades...) con funcións distintas, que crecen e forman unha área descontinua sen fracturas importantes é unha _____.

Tipo predominante de actividade que ten unha cidade denomínase _____

A _____ é o espazo concreto e material onde se asenta unha parte da cidade.

Plan de ordenación urbana ou _____. Aínda que as denominacións son cambiantes (segundo a lexislación de cada Comunidade Autónoma). O seu principal cometido é o de clasificar o solo distinguindo entre solo _____, solo _____, solo _____ e _____.

A _____ é o conxunto xerarquizado de centros urbanos ligados entre si a través de eixes de comunicación para asegurar unha serie de servizos.

A _____ é o contorno xeográfico no que a cidade encádrase e con relación ó que se organiza. A situación refírese ás grandes vías de comunicación. Ós grandes espacios económicos.

O _____ é o proceso de planificación ou de creación física dunha cidade (trama urbana, zonificación das áreas...).

O proceso de crecemento demográfico e de actividade económica dunha cidade o chamamos _____.

A _____ urbana é o proceso polo cal as cidades dunha rexión ou dun país están organizadas segundo o seu tamaño e as súas funcións, relacionándose no espazo.

4.- Completa a seguinte táboa sobre tipos de plano:

Tipos de plano	Características	Época histórica no que aparece

5. Observa a seguinte táboa sobre a evolución do crecemento demográfico de Santiago e os concellos limítrofes entre 1900 e o 2008. Contesta as seguintes cuestións: Como evolucionou o crecemento demográfico de Santiago durante este período? En que anos se produce o maior crecemento demográfico de Santiago? Que situación ten ese crecemento nas últimas décadas? Que concellos medraron nas últimas décadas? Saberías dicir por que? Que concellos teñen similar ou menor poboación no 2008 que con respecto a 1900? Por que?

POBOACIÓN DE SANTIAGO E DOS SEUS CONCELLOS LIMÍTROFES

	2008		2000		1981		1970		1960		1900	
Ames	25.818	15,3%	16.549	10,7%	9.166	6%	9.833	8%	9.597	9%	7.097	9,7%
Boqueixón	4.445	2,6%	4.291	2,8%	4.978	3%	5.154	4%	5.004	4%	4.232	5,8%
Brión	7.104	4,2%	6.239	4,0%	5.942	4%	5.679	5%	6.642	6%	5.681	7,8%
Conxo*	-----		-----		-----		-----		-----		7.398	10,1%
Oroso	6.804	4,0%	5.236	3,4%	3.612	3%	3.810	3%	4.234	4%	3.231	4,4%
Pino, O	4.782	2,8%	4.934	3,2%	5.903	4%	6.174	5%	7.495	7%	6.232	8,5%
Santiago de Compostela	94.339	55,9%	93.903	60,9%	93.695	65%	70.893	58%	57.165	51%	24.120	33,0%
Teo	17.625	10,4%	14.447	9,4%	10.986	8%	11.179	9%	9.848	9%	7.036	9,6%
Trazo	3.509	2,1%	3.818	2,5%	4.363	3%	4.532	4%	5.212	5%	3.640	5,0%
Val do Dubra	4.481	2,7%	4.892	3,2%	5.654	4%	5.423	4%	6.753	6%	4.409	6,0%
TOTAL	**168.907**	**100%**	**154.309**	**100%**	**144.299**	**100%**	**122.677**	**100%**	**111.950**	**100%**	**73.076**	**100%**

***Conxo foi anexionado polo concello de Santiago en 1925.**
Fte. INE.

RESPOSTAS

Exercicio 1

1. En España considérase cidade a calquera núcleo de poboación que teña máis de **10.000 habitantes**. A isto hai que sumarlle outros criterios cualitativos como son o predominio das actividades económicas no **sector terciario e secundario**, **gran influencia territorial sobre o territorio limítrofe**, cunha morfoloxía urbana e arquitectónica onde hai unha **alta densificación de espazo construído**, **gran variedade e dinamismo social** e **moitas e variadas funcións.**

2. Existen moitas diferencias. O tamaño e a forma nos núcleos rurais o seu hábitat está disperso e si está concentrado a súa poboación non chega aos 2.000 habitantes. As actividades económicas relacionadas co sector primario están moi presentes. Hai pouca densificación do espazo construído, predomina o espazo natural. Pouca variedade e dinamismo social. Funcións básicas, pouco especializadas e variadas.

3. Cidades amuralladas, carácter defensivo. Trazos irregulares con rúas estreitas e tortuosas. Forma radiocéntrica a partir dun núcleo central. Importante función político-administrativa, estratéxico-militar, comercial e relixiosa.

4. Denominamos **morfoloxía** ao aspecto externo que presenta a cidade. Cinco elementos a configuran a **localización**, a **situación**, o **plano**, a **trama** e os **usos do solo**.

5. O crecemento da cidade é un fenómeno contemporáneo que se produce no século XIX a partir da revolución industrial. A industrialización atrae moita xente do espazo rural (éxodo rural) cara a cidade.

6. O encarecemento do solo no centro da cidade, os problemas de tráfico e transporte facilitan que a poboación e as actividades económicas difúndanse cara a periferia.

7. Denomínase **estrutura** urbana á relación entre o urbanismo, as funcións económicas e sociais que se crean no interior do espazo urbano entre as distintas partes que compoñen a cidade. Composta, no caso de cidades históricas, de sucesivas zonas habitualmente agregadas de forma concéntrica a partir da localización dun núcleo inicial onde se fundou la cidade.

8. Aparecen na segunda metade do século XIX e principios do XX. Presentan un plano regular ortogonal con viarias amplas e grandes mazás. Existe unha planificación previa a edificación establecendo equipamentos básicos. Esta foi a área residencial da burguesía emerxente. Na actualidade localízanse as actividade terciarias máis especializadas (CBD) e é a área residencial da clase media-alta.

9. Nacen a principios do século XX coa finalidade de desconxestionar o interior da cidade industrial. O modelo está foi tomado de Gran Bretaña do urbanista Howard. Nas cidades xardín hai que distinguir unha área orientada para a clase alta burguesa e outra que foi deseñada para a clase obreira a partir da lei de casas baratas. Na actualidade este espazo é residencial de clase media-alta alternando con usos terciarios de tipo asistencial-santiario, lúdico e educativo.

10. A partir da década dos sesenta. Aplicando os criterios de zonificación do uso do solo exposto por arquitectos-urbanistas funcionalistas como Le Corbusier, Míes van der. Rohe ou Nyemeyer. Predomina a trama aberta de edificacións en bloques con grandes espazos para equipamentos, zonas verdes e aparcamentos.

11. Expansión da cidade cara a área de influencia a partir de pequenos vivendas unifamiliares ou quinteiros pechados.

12. **Problemas** relacionados coa **aglomeración ou densificación**: acceso á vivenda, abastecemento, ordenación do tráfico e transporte... **Económicos**: excesiva terciarización... **Sociais**: delincuencia, integración de inmigrantes, marxinación... **Medioambientais**: ruído, residuos, desaparición de espazos verdes...

13. Aínda que as denominacións son cambiantes (segundo a lexislación de cada Comunidade Autónoma). O seu principal cometido é o de clasificar o solo distinguindo entre solo urbano, solo urbanizable, solo non urbanizable e sistemas xerais; definir os elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio, como poden ser fixar os espazos libres, os de equipamento comunitario, os sistemas xerais de comunicación,...; establecer unha programación de desenvolvemento e execución do plan así como o período de vixencia e as súas circunstancias de revisión; fixar medidas de protección do medio ambiente...

14. Unha **conurbación** é unión ou fusión de dous núcleos urbanos que teñen aproximadamente o mesmo tamaño por crecemento simétrico de ambos. **A rexión urbana** é unha aglomeración urbana descontinua, integrada por cidades dispersas (nebulosa urbana), pero suficientemente densa como para que todo o territorio posúa características urbanas. A **megalópole** aglomeración urbana de extensión suprarrexional constituída por diversos elementos urbanos (áreas metropolitanas, conurbacións, rexións urbanas, pequenas cidades...) con funcións distintas, que crecen e forman unha área descontinua sen fracturas importantes.

15. O sistema urbano español vertébrase sobre dezaseis aglomeracións urbanas que superan os 500.000 habitantes. **Madrid** e **Barcelona** contan con **máis de 3.000.000 de habitantes**. Madrid ocupa o primeiro con 5.500.000 de habitantes e Barcelona os 3.000.000. As dúas configuran un **sistema bipolar**. Cinco aglomeracións superan os 800.000 habitantes (Valencia, Sevilla, Bilbao, Centro Astur e Málaga) e outras nove superan os 500.000. Por debaixo delas vai un elevado número de cidades entre 400.000 e 100.000 habitantes como froito da descentralización urbana. O sistema urbano español é fundamentalmente periférico (predominando no sector Mediterráneo), con dúas macrourbes no interior da península (Madrid e outra secundaria en Zaragoza). O espazo interior está pouco urbanizado.
    No mapa das cidades españolas distinguiremos xerarquicamente os seguintes postos: metrópole (global nacional, rexional e subrrexional), cidades medianas, e capitais de comarca todas elas vertebradas nunha rede urbana que configura unha serie de eixes dentro do espazo español e europeo.
    O sistema urbano forma unha serie de eixes como o eixe mediterráneo, val do Ebro, cantábrico, andaluz, atlántico, Madrid e arquipélagos.

16. O sistema urbano galego está formado por dúas metrópoles subbrexionais (Vigo e A Coruña) que configuran un sistema bipolar dentro do territorio galego. Conta con cinco cidades medianas na que destaca Santiago como capital autonómica,

Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol e con numerosas cabezas de comarca en torno aos 10.000 e 5.000 habitantes.

Vigo	295.703
Coruña (A)	245.164
Ourense	107.057
Lugo	95.416
Santiago de Compostela	94.339
Pontevedra	80.749
Ferrol	74.696

Os datos da poboación das principais cidades galega no 2008 están na táboa que acompaña. A Coruña ten unha función comercial e administrativa, Vigo industrial e comercial, Santiago, Ferrol, Lugo e Ourense exercen unha posición de segundo nivel con funcións comerciais e administrativas.

Exercicio 2

CIDADE	CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS
Romana	**Estrutura en taboleiro de damas. Rúas que se cruzaban en ángulo recto e dúas rúas principais: cardus e decumanus. Rodeada por unha muralla e co foro na intersección desas dúas rúas principais.**
Medieval Cristiá	**Rodeadas de murallas. Carácter defensivo. Trazos irregulares con rúas estreitas e tortuosas. Con forma radiocéntrica, a partir dun castelo, do mercado ou da praza da igrexa. Tamén cun marcado carácter relixioso.**
Medieval musulmana	**Cidade amurallada cun núcleo central, a medina, onde se localizan a mesquita e o mercado central. Barrios amurallados, con mesquitas menores. Forma radial, con rúas sen saída e trazado irregular. Casas con patios interiores.**
s. XVI-XVII	**Mantense o espazo da cidade medieval. Novos monumentos: pazos, catedrais, igrexas. Xurde a praza Maior.**
s. XVIII	**Co reformismo borbónico acométense novas trazas e aliñacións de vías, barrios ou cidades de nova planta.**
s. XIX	**Derrube das murallas medievais, creación de roldas e desenvolvemento dos ensanches e barriadas obreiras perto dos centros fabrís ou dos sistemas de comunicación.**
s.XX-XXI	**Crecemento cara a periferia. Polígonos residenciais, industriais, crecemento cara a área metropolitana: a cidade difusa.**

Exercicio 3

Denomínase ___**REXIÓN URBANA**_____ a aglomeración urbana descontinua, integrada por cidades dispersas (nebulosa urbana), pero suficientemente densa como para que todo o territorio posúa características urbanas.

Territorio organizado nalgún aspecto funcional por unha cidade denominada área central ou núcleo rector denomínase _____**ÁREA DE INFLUENCIA**_____

Espacio limítrofe a un núcleo urbano con predominio de caracteres rurais alternando con zonas residenciais urbanas é unha área _____**PERIURBANA**_____

Unión ou fusión de dous núcleos urbanos que teñen aproximadamente o mesmo tamaño por crecemento simétrico de ambos é unha _____**CONURBACIÓN**_____

Área urbana especializada en funcións financeiras e de xestión denomínase ____**CBD**__

Espazo urbano de uso residencial que practicamente carece de comercio e outros servizos. Localízase na área periférica das cidades centrais ou metrópoles. Realízanse importantes movementos pendulares diarios dende esta área de residencia ao traballo, as áreas comerciais, de servizos, de lecer... chámase _____**CIDADE DORMITORIO**_

Área ou barrio urbano residencial de baixa densidade, con vivendas unifamiliares exentas ou acaroadas. Constan de abundante zona verde de uso privado denomínase _____**CIDADE XARDÍN**_____

Aglomeración urbana de extensión suprarrexional constituída por diversos elementos urbanos (áreas metropolitanas, conurbacións, rexións urbanas, pequenas cidades...) con funcións distintas, que crecen e forman unha área descontinua sen fracturas importantes é unha _____**MEGALÓPOLE**_____.

Tipo predominante de actividade que ten unha cidade denomínase __**FUNCIÓN URBANA**_

A __**LOCALIZACIÓN**_ é o espazo concreto e material onde se asenta unha parte da cidade.

Plan de ordenación urbana ou ___**PXOU**_____. Aínda que as denominacións son cambiantes (segundo a lexislación de cada Comunidade Autónoma). O seu principal cometido é o de clasificar o solo distinguindo entre solo ___**URBANO**_____, solo __**URBANIZABLE**_____, solo _**NON URBANIZABLE**____ e __**SISTEMAS XERAIS**_.

A ____**REDE URBANA**_____ é o conxunto xerarquizado de centros urbanos ligados entre si a través de eixes de comunicación para asegurar unha serie de servizos.

A _____**SITUACIÓN**_____ é o contorno xeográfico no que a cidade encádrase e con relación ó que se organiza. A situación refírese ás grandes vías de comunicación. Ós grandes espacios económicos.

O ____**URBANIZACIÓN**_____ é o proceso de planificación ou de creación física dunha cidade (trama urbana, zonificación das áreas...).

O proceso de crecemento demográfico e de actividade económica dunha cidade o chamamos _____**URBANISMO**_____.

A _____**XERARQUÍA**_____ urbana é o proceso polo cal as cidades dunha rexión ou dun país están organizadas segundo o seu tamaño e as súas funcións, relacionándose no espazo.

Exercicio 4.

Tipos de plano	Características	Época histórica no que aparece
IRREGULAR	**Rúas estreitas sen planificar.**	**Época medieval.**
ORTOGONAL	**Rúas paralelas cortadas por outras perpendiculares. Trazado regular.**	**Época romana.** **Cidades de nova pranta na idade Moderna.** **Ensanches do XIX-XX**
RADIOCÉNTRICO	**Rúas que parten dunha glorieta central espandíndose radialmente.**	**Radiocéntrico irregular: algúns cascos históricos da idade Media.** **Radiocéntrico regular: algúns ensanches ou sectores deste no XIX-XX.**

Exercicio 5.

Santiago medra moito nos primeiros sesenta anos do século XX duplica con creces a poboación de 1900 todo isto débese a absorción en 1925 do concello de Conxo pero sobre todo ao éxodo rural motivado polos cambios na actividade económica (do sector primario cara o secundario e sobre todo terciario (importancia da actividade turística e dos sevizos: universidade...). Esta tendencia continua na década dos setenta e ata principios dos oitenta (incrementándose a poboación 20.000 habitantes cada década). Este proceso está asociado aos factores anteriores. Entre 1981 e 2008 o crecemento se estanca. Santiago ten algo menos de 1000 habitantes dos que tiña en 1981. Un caso similar que lle sucede a outras cidades españolas e galegas. O prezo do solo e da vivenda fai que moita poboación, especialmente xove vaia cara os concellos limítrofes creándose un modelo de cidade difusa se observamos os datos do crecemento demográfico de Ames (sobre todo no sector do val da Maía no entorno de Bertamiráns e cara Milladoiro) ou de Teo (no eixe de comunicación coa Estrada) vemos que o seu crecemento foi moi alto nestes últimos 25 anos. En concellos como Brión e Oroso o crecemento e menor pero tamén intenso (no primeiro caso coa expansión cara o val de A Maía no segundo no entorno de Sigüeiro (Santiago norte)). O resto dos concellos (Trazo, Val do Dubra, Boqueixón e O Pino) a poboación é practicamente similar ou menor aos de hai máis de 100 anos debido ao predominio das actividades do sector primario no seu contorno.